

PREGO TÉCNICO

Artigo 10.2.c) do Decreto 229/2020, do 17 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia

EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE PROMOCIÓN E APOIO AO ACOLLEMENTO FAMILIAR ESPECIALIZADO CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA DE NENOS, NENAS E ADOLESCENTES EN SITUACIÓN DE DESPROTECCIÓN MEDIANTE CONCERTO SOCIAL, INCLUÍDO DENTRO DO "PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU".

1. OBXECTO DO CONCERTO.

O acollemento familiar configúrase como un recurso, con carácter reversible, clave e prioritario no sistema de protección de nenos, nenas e adolescentes (en diante, NNA) que persegue a total integración destes nun entorno afectivo e social que posibilite en maior medida o seu axeitado desenvolvemento físico e emocional.

Neste marco, a experiencia neste tipo de acollemento revela a necesidade de establecer unha nova modalidade de acollemento familiar que, mantendo as vantaxes que supón para os NNA vivir nun entorno familiar, permita que menores con especiais problemas condutuais ou con necesidades ou circunstancias especiais sexan tratados con plena dispoñibilidade e garantías de recuperar ou beneficiar ao menor, ao contar algún dos membros da unidade familiar acollidora cunha cualificación profesional, experiencia e formación específicas.

O obxecto do concerto é a prestación do servizo de Promoción e apoio ao Acollemento Familiar Especializado de NNA en situación de desprotección a través da realización de tarefas relacionadas con catro ámbitos:

- a) captación, selección, formación e apoio das persoas acolledoras especializadas.
- b) apoio técnico ao acollemento familiar especializado de NNA.



- c) xestión dos acollementos familiares especializados propostos pola Entidade Pública e coordinación con esta.
- d) fomento da relación entre a familia acolledora especializada e a de orixe seguindo as indicacións do Plan Individualizado de intervención do NNA. Procurando sempre que ditas relacións sexan cordiais pero sen recaer en informalidades e sempre baixo as directrices e recomendacións da Entidade Pública. Promovendo, previamente e de ser o caso, a capacitación parental destas familias de orixe.

A duración destes acollementos virá determinada pola consecución dos obxectivos protectores e terapéuticos cos NNA e a posta en marcha de melloras ou solucións das dificultades sociais e educativas das súas familias de orixe. Non deberá durar máis do tempo estritamente necesario para atender as dificultades específicas do NNA, de modo que este poda reintegrarse, na medida do posible, coa súa familia de orixe.

Será competencia da Consellería de Política Social e Xuventude exercer como titora legal dos NNA en situación de desamparo, a determinación dos NNA que precisen ser atendidos nesta modalidade de acollemento familiar, así como: promover as intervencións coa familia de orixe, valorar a familia acolledora e a decisión de dar por rematada a intervención ou calquera outro aspecto relevante que afecte ao proceso de acollemento.

2. DEFINICIÓN DO SERVIZO

O acollemento familiar especializado con dedicación exclusiva é unha modalidade de acollemento familiar polo que se exerce a garda daqueles NNA que non poden permanecer nos seus fogares, mediante a que se proporciona un lugar de residencia e convivencia que cumpra co cometido dunha satisfacción das necesidades de protección, educación e desenvolvemento, incluídas as actuacións terapéuticas e rehabilitadoras necesarias. O acollemento realizarase nunha vivenda xunto cunha familia acolledora e ten o matiz de especializado xa que algún dos membros disporá de cualificación, experiencia profesional/laboral ou formación específica para desempeñar esta función respecto de NNA con necesidades ou circunstancias especiais con plena dispoñibilidade. Percibirá por iso a correspondente compensación económica e ao tratarse dunha labor especializada manterá unha relación fluída coa entidade adjudicataria que leve a cabo o programa. Atendendo, igualmente, as



entrevistas e cuestións que dende os ETM das xefaturas correspondentes se lle requiran.

De igual modo, as características especiais destes NNA fan obrigada unha estreita e nalgúns casos, moi regular, colaboración e coordinación das familias co sistema público sanitario, social e/ou educativo.

A súa finalidade é a de promover os cuidados do NNA especialmente vulnerable, coa participación de acolletores cualificados, nun entorno estable de protección que favoreza a rehabilitación e o desenvolvemento emocional, e o retorno o antes posible do menor á familia de orixe sempre que sexa posible ou se derive a unha medida definitiva como a adopción.

Como todo acollemento familiar, trátase dunha medida protectora e educativa, no sentido máis integral, no que deberá destacar o seu carácter terapéutico (cando sexa preciso) por canto perseguirá a consecución dun cambio e unha melloría no equilibrio emocional, autocontrol e nas habilidades adaptativas do menor ou nalgúns casos soamente físico. Ademais proporcionaráse un contexto altamente estruturado, con límites e normas claramente definidas e supervisión, co fin de garantir unha convivencia segura e estable que favoreza unha convivencia estable e segura para un desenvolvemento axeitado no NNA. Debe tratarse dun ambiente de baixa conflictividade e no que se poda realizar unha labor educativa e terapéutica.

As familias manterán, na medida en que sexa bo para o NNA, e baixo as directrices do Equipo Técnico do Menor, contacto coa familia biolóxica sempre que fose o recomendable segundo o momento no que se atopa esta para acadar os obxectivos establecidos buscando o máximo nivel de integración e estabilidade posible. O xeito de realización destas visitas e contactos serán os estipulados pola Entidade Pública, segundo as capacidades e situación social, psicolóxica, emocional e tendo sempre presente o interese superior do NNA.

2.1. Principios xerais.

Destácanse os seguintes principios que guiarán as actuacións :

- Superior interese do menor. Como todas as medidas de protección, o acollemento familiar especializado con dedicación exclusiva deberá estar sempre xustificado por ser a intervención que mellor atende os



intereses concretos de cada NNA nun momento dado. Iso implica a protección e garantía dos seus dereitos fundamentais como persoa, consagrados na Convención de Dereitos do Neno e recollidos na lexislación estatal e autonómica .

- Necesidades dos NNA como eixo primordial. O deseño dos programas de acollemento familiar especializado, así como os procedementos que se establezan para o seu desenvolvemento, deberán basearse fundamentalmente na súa capacidade para cubrir adecuadamente as necesidades dos NNA.
- Atención integral, individualizada, proactiva e rehabilitadora. O acollemento familiar especializado, como ambiente temporal substitutivo do coidado familiar, debe asumir a educación integral do NNA, con especial atención ás súas necesidades afectivas e de relación. Algúns dos problemas que manifestan os NNA que usarán este recurso obrigan a prestar unha intervención altamente especializada, e faise necesario unha formulación proactiva, de detección temperá de calquera dificultade que estea a obstaculizar o seu adecuado desenvolvemento e de posta en funcionamento e/ou coordinación cos necesarios recursos terapéuticos e reeducadores. Converterase a estadía dos NNA nunha experiencia comfortable, de bo trato, de reparación da confianza nos adultos, pero fundamentalmente de potenciación do desenvolvemento persoal e da integración social, centrando a intervención nas posibilidades, nas necesidades e nos obstáculos que puideran limitalo.
- Participación dos NNA. A Convención de Dereitos do Neno establece o seu dereito para participar nas decisións que lles afectan. Nos procesos de intervención do sistema de protección infantil é particularmente necesario contar coa súa perspectiva, dada a transcendencia que teñen estas decisións para o seu futuro. No desenvolvemento dos programas de acollemento familiar especializado, a participación dos NNA debe ser un eixo central de traballo, xa que será interpretada non só como un dereito, senón tamén como un obxectivo educativo. Como dereito, implica tomar en consideración as opinións e suxestións dos NNA na dinámica familiar así como nas decisións que lles afectan. A participación debe ser tamén obxecto de traballo educativo, xerando experiencias de implicación persoal, fomentando o desenvolvemento das habilidades necesarias para o seu exercicio e incrementando o nivel de



participación nas tarefas e xestións do fogar a medida que se van facendo maiores e van cumprindo cos obxectivos do seu programa educativo e, de ser o caso, terapéutico. Este principio débese aplicar igualmente, promovendo a implicación dos/as acolledores cos profesionais que interveñan co NNA na mellora continua das metodoloxías e procedementos de actuación.

- Normalización e especialización. Trátase de dous conceptos complementarios, por canto o primeiro expón a necesidade de que os NNA acollidos poidan gozar dunha vida o máis parecida á do resto dos nenos que viven coas súas familias, tanto no deseño do ambiente físico, como nas rutinas cotiás e no acceso aos recursos da comunidade. A especialización, pola súa banda, require coñecementos e destrezas para por en marcha recursos diferenciados, capaces de cubrir necesidades altamente específicas que doutro xeito quedarían desatendidas. En ocasións, unha maior dedicación para construír contornas e colaborar en programas especializados serán algunhas das características que o diferencian claramente dun acollemento que non é especializado. Tanto a normalización como a especialización son principios necesarios do traballo en acollemento especializado. Precísase ofrecer dentro da familia acollidora referentes positivos como fontes de apoio aos procesos de aprendizaxe vicario, a fin de favorecer o desenvolvemento nun contexto natural e potenciar os factores de protección fronte aos de risco. Potenciarase, cara a súa normalización e segundo momentos/fases da intervención a creación de redes sociais que constitúan alternativas referenciais diferentes e externas ao contexto do fogar, proporcionando espazos de vida normalizados e, no seu caso, apoios sociais personalizados.
- Transparencia, eficacia e eficiencia. O acollemento especializado con dedicación exclusiva deberá ser un recurso transparente, cunha metodoloxía deseñada a partir dun Proxecto Educativo que o contextualice, cunha xustificación e unhas estratexias de afrontamento e abordaxe coherentes. A entidade adxudicataria incorporará sistemas de rexistro das principais actividades e incidencias que se desenvolvan, secuenciando e monitorizando a evolución dos NNA mediante unha avaliación continua.
- Proporcionalidade e intervención mínima: as actuacións basearanse no ben superior do NNA e axustaranse ás súas necesidades, polo que as intervencións haberán de someterse aos principios de legalidade,



necesidade, proporcionalidade e intervención mínima, buscando a mínima interferencia na súa vida escolar, familiar e social e asegurando así a ausencia de praxes e intervencións especializadas sen unha adecuada fundamentación, así como que estas non excedan o tempo e intensidade que requira cada caso.

2.2. Obxectivos xerais do servizo

O acollemento familiar especializado pretende dar resposta aos casos nos que a medida de protección proposta é o acollemento familiar, e polas características e limitacións destes NNA este non pode facerse a través de acollemento ordinario. Trátase dun programa orientado a ampliar os recursos dispoñibles no servizo, para que, cada vez máis nenos e nenas poidan beneficiarse do acollemento familiar como medida prioritaria ante a separación da familia de orixe. Buscando, ao mesmo tempo, un traballo e relación continuada con esta, sempre que sexa recomendable polos ETM a posible volta á familia de orixe a través do Plan de Intervención Individual.

Mediante o acollemento destas características trátase de dar resposta a través de acolletores ou acolledoras especializados/as a distintas necesidades do NNA:

- Necesidades básicas: cobertura de necesidades de alimentación, sono, hixiene, vestido, desprazamentos, aspecto persoal, seguridade, autonomía e preparación para a vida adulta.
- De saúde: cobertura médico-sanitaria completa que se realizará preferentemente mediante recursos do Servizo Galego de Saúde. Durante o tempo que dure o acollemento recolleranse os informes médicos necesarios para levar a cabo un seguimento sistemático das persoas atendidas.
- Educativo-afectivas: apoio emocional, atención educativa, socializadora e rehabilitadora de experiencias traumáticas sufridas. Realizarse un seguimento terapéutico. Garantizar, na medida en que o permita o desenvolvemento das súas facultades, que coñece e entende os motivos da separación respecto á súa familia e á súa incorporación nunha familia de acollida, facilitando a súa participación activa no proceso de toma de decisións que lle atinxen e realizando unha avaliación da súa adaptación persoal e social.



Favorecer a súa integración na familia de acollida en función da súa idade e necesidades.

- Familiares: fomentar a conservación da identidade familiar dos NNA acollidos, como elemento básico da súa identidade persoal e do seu axeitado desenvolvemento, independentemente de que o obxectivo da atención sexa a reunificación familiar, a integración noutra familia ou a preparación para a independencia. Inclúe, no seu caso, o acompañamento nas relacións e contactos cos membros da súa familia de orixe e intervención socioeducativa na mesma.
- Escolar-laborais: identificación do nivel académico e das súas dificultades de aprendizaxe; localización de centros de interese, aptitudes e motivacións; facilitar a súa escolarización e a prestación de cantos apoios específicos precise para a mellora continua dos resultados académicos. Relación con profesionais do ámbito escolar para levar a cabo a axeitada integración e participación nas actividades escolares. Promover a preparación cara un proceso de autonomía mediante a adquisición de coñecementos e ferramentas para a inserción sociolaboral no caso dos adolescentes.
- Sociais: atención para o desenvolvemento do benestar social do NNA. Promoverase a súa participación en recursos comunitarios de ocio e tempo libre, e a súa socialización en ambientes habituais para os NNA do seu tempo.
- Culturais: a Convención dos Dereitos do Neno ratificada en España no 1990 reconece no seu artigo 31 o dereito dos NNA ao descanso, ao esparcemento, ao xogo, ás actividades recreativas, á vida cultural e ás artes.
- Crear unha contorna de seguridade e protección para os NNA no que se minimicen as situacións conflitivas e poidan xerarse experiencias de aprendizaxe baseadas en modelos educativos adecuados de responsabilidade e relación positiva.
- Acadar, utilizando técnicas socioeducativas e terapéuticas, unha redución dos problemas psicolóxicos, psiquiátricos e unha melloría da situación emocional e física do benestar xeral dos NNA. Realizarase un traballo intensivo de tratamento socioeducativo e



afectivo sobre os problemas e conflitos persoais que poidan estar na base das necesidades específicas destes NNA.

- Constituír un recurso interdisciplinar que ofrezca unha gran variedade de actividades e servizos que permitan individualizar as intervencións, como a terapia individual, terapia grupal, terapia familiar, intervención e seguimento coas familias de orixe.
- Axudar os/as NNA, de acordo co que dispoña o seu Plan Individualizado, a mellorar as súas competencias para afrontar as condicións que foron un obstáculo para crear un contexto familiar de benestar e a constituírse en suxeitos activos no proceso de intervención.
- Apoiar os adolescentes maiores para realizar unha transición á vida adulta axeitada mediante a intervención en habilidades xerais e específicas, o acceso aos recursos sociais, e os apoios sociais, emocionais e comunitarios.
- Favorecer o establecemento de apoios comunitarios a longo prazo e vínculos sociais que se necesiten para facilitar unha integración social axeitada despois da experiencia do acollemento.

3. POBOACIÓN ATENDIDA POLO SERVIZO

O programa pretende dar unha resposta integral a todos os axentes do proceso de acollemento familiar:

- Os NNA, desde o momento que son propostos para este recurso, ata a súa integración nunha nova situación ou a maioría de idade. Esta atención ten unha dimensión educativa, de apoio persoal e emocional e tamén psicoterapéutica.
- A persoa acolledora e a súa familia que desenvolverán o acollemento e subscribirán coa Admón. Pública o correspondente “documento de acollemento familiar especializado” cos dereitos e obrigas que se establezan.
- A familia de orixe dos NNA sempre que a Entidade Pública o considere oportuno e beneficioso para o NNA.



3.1. NNA beneficiarios/as do acollemento especializado

Poderán ser beneficiarios/as do acollemento especializado, os NNA en situación de desprotección aos que se lle suman: dificultades conductuais, especiais problemas de saúde ou outras necesidades específicas.

Considéranse NNA con necesidades especiais aqueles que requiran dunha atención psicoeducativa máis especializada e intensiva, desde un modelo de acompañamento individualizado e en convivencia a tempo completo durante o tempo preciso ata que se cese por algunha das causas previstas.

Os NNA separados da súa familia que poden ser orientados a este servizo son:

- Grupos de irmáns
- NNA con algún tipo de discapacidade cun grao superior ao 33% recoñecida polo EVO e /ou problemas de saúde que conleven dificultades na autonomía persoal ou requiran duns coidados especializados para a súa axeitada atención.
- NNA que sufriron abuso sexual ou violencia de xénero.
- NNA migrantes non acompañados.
- Adolescentes xestantes e/ou con fillos/as ao cargo.
- NNA en acollemento residencial con problemas de conduta, adaptación e/ou emocionais que dificultan o seu acollemento na modalidade ordinaria.
- NNA con trastornos do neurodesenvolvemento que incluírían: discapacidade intelectual, trastornos da comunicación, trastornos por déficit de atención con hiperactividade, trastornos específicos da aprendizaxe, trastornos motores e trastornos do espectro autista.
- Problemáticas físicas que requiran de coidados moi específicos e unha dedicación especial.



En particular, favorecerase a desinstitucionalización do NNA que leven máis tempo en centros de acollida residencial.

3.1.1. Dereitos dos menores acollidos

As persoas menores acollidas terán os dereitos recollidos no artigo 21 bis da L.O. 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do menor. Ademais observaranse os seguintes dereitos dos NNA acollidos no seo destas familias:

- Dereito a contar cun Proxecto Individualizado de Intervención, elaborado dende a Entidade Pública e que será desenvolvido e apoiado a través do servizo de acollemento familiar especializado.
- Dereito a que exista unha supervisión e revisión da medida protectora e da súa duración, de acordo coa evolución do menor.
- Dereito a recibir a educación obrigatoria que lle corresponda, así como á formación educativa e/ou profesional adecuada e efectiva. A escolarización garantirase preferentemente na zona do municipio en que teñan o domicilio.
- Dereito ao carácter eminentemente educativo de cantas medidas se adopten na actuación protectora, que ofrezan un marco de convivencia que favoreza o seu desenvolvemento.
- Dereito á asistencia sanitaria en xeral e aos programas individualizados de tipo terapéutico que fomenten a súa rehabilitación en caso necesario.
- Dereito a un trato respectuoso da súa propia dignidade, privacidade, confidencialidade, liberdades relixiosas, ideolóxicas, fomentando os valores de tolerancia, solidariedade e igualdade e demais valores democráticos establecidos polo ordenamento xurídico vixente e a ser atendido sen discriminación por razón de sexo, raza, relixión, ideoloxía ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- Dereito a ser informado de cantas medidas se lle vaian a aplicar, así como a ter en conta a súa opinión naquelas situacións que lle incumban. A coñecer en todo momento a súa situación legal e familiar.
- Dereito a participar na confección e realización de actividades deportivas, de lecer, laborais-culturais.



- Dereito a comunicarse libremente coa súa familia, sen prexuízo das resolucións xudiciais ou administrativas que podan establecer as debidas limitacións.
- Dereito a formular peticións e queixas referidas á familia acollidora, á Entidade de Protección, ao Fiscal e á Valedora do Pobo.
- Dereito ao secreto profesional e á confidencialidade.

3.2. Familia de acollida

Só poderán ofrecerse para o acollemento especializado as persoas físicas (xa convivan en matrimonio ou parella de feito, cun mínimo de 2 anos de convivencia acreditada ou soas con ou sen fillos/as), que reúnan uns requisitos mínimos:

- De acordo co artigo 20.1 da L.O. 1/1996, do 15 de xaneiro, algunha das persoas que integra a unidade familiar debe dispor de cualificación, experiencia ou formación específica. Dado o carácter de programa piloto deste concerto, considérase neste momento que os requisitos para cumprir estes criterios deben formularse de forma aberta:

- cualificación: titulacións relacionadas co ámbito sanitario, socio-comunitario ou socio-educativo.

- experiencia: informe favorable da Cruz Vermella e do ETM que poden recibir familias que xa tivesen iniciados acollementos e estean activas no banco de Cruz Vermella.

- formación: aquela que deseñe e poña en práctica a entidade que execute o concerto, de acordo coa oferta presentada.

- Que dispoñan de **vivenda** adecuada en aspectos de habitabilidade, hixiene, distribución, número de persoas que conviven nela e posibilidade de acceso aos equipamentos comunitarios. Estar, no seu caso, adaptada a persoas con mobilidade reducida.

- Que as persoas que se ofrezan para o acollemento disfruten dun estado de saúde física e psicolóxica compatible co desenvolvemento de actividades básicas da vida diaria que garantan a adecuada atención ao menor e non prexudique o seu desenvolvemento.



- Que presenten autonomía na toma de decisións, capacidade afectiva, madurez emocional, tolerancia á frustración e habilidades persoais suficientes para exercer adecuadamente as funcións e responsabilidades inherentes á garda.
- Que posúan actitudes e aptitudes, dispoñibilidade, expectativas e motivacións adecuadas sen condicionamentos familiares, morais ou sociais que posibiliten a atención da NNA.
- Que dispoñan de capacidades e habilidades educativas, que teñan en conta criterios de corresponsabilidade necesaria de homes e mulleres no coidado das persoas menores e a necesidade de establecer relacións familiares dende a igualdade.
- Que dispoñan de habilidades persoais para abordar e adaptarse a situacións novas que se poidan producir como consecuencia do acollemento.
- No caso de parellas, que exista vontade compartida de aceptación do acollemento.
- Que as persoas que convivan no domicilio participen das actitudes, aptitudes, habilidades, capacidades, expectativas, motivacións e vontade xeral para o acollemento familiar e manteñan coas persoas acollidas unha relación de convivencia adecuada.
- Que presenten actitudes e dispoñibilidade para comprender e aceptar os feitos diferenciais de ser persoa acollidora e capacidade para facerlle fronte de maneira adecuada.
- Que comprendan e teñan capacidade de entender a dificultade que entraña para a persoa acollida incorporarse a unha nova familia e establecer un vínculo emocional para compensar ou reparar o dano previo.
- Que as persoas que se ofrecen para o acollemento teñan capacidade para asumir o carácter temporal e favorecer o tránsito cara a reintegración ou cara outra medida de protección.
- Respecto ás diferencias étnicas, lingüísticas, culturais, sociais así como aos seus antecedentes persoais e familiares.
- Que exista disposición a favorecer a relación entre a NNA e a familia de orixe cando esta se considere necesaria.
- Que existan apoios externos no entorno.



- Que teñan unha actitude positiva e disposición cara á formación, ao asesoramento e á orientación.

Todos os membros da familia convivintes deberán estar de acordo coa iniciativa de acollemento, e deberá contar co consentimento do NNA acollido se tivera suficiente madurez e, en todo caso, se fose maior de 12 anos.

Valorarase positivamente a experiencia previa en acollemento familiar e a predisposición a seren formados/as en diferentes temáticas como adolescencia, aspectos xurídicos...

Será compatible que unha mesma familia acolledora poida participar ao mesmo tempo do acollemento familiar especializado e o acollemento familiar de carácter ordinario, sempre que as persoas menores de idade en acollemento familiar especializado non superen, en ningún caso, o número de dous NNA, salvo que esteamos a falar de grupos de irmáns.

3.2.2. Dereitos das familias acolledoras

- recibir información acerca da natureza e efectos do acollemento, así como preparación previa, seguimento e apoio técnico especializado durante e a termo do mesmo. No caso de NNA con discapacidade, os acolledores terán dereito a orientación, acompañamento e apoio adaptados ás peculiaridades do/a neno/a ou adolescente.
- ser oídos pola Entidade Pública antes de que esta adopte calquera resolución que afecte ao NNA, especialmente antes de modificar ou suspender temporalmente o réxime de visitas ou de relación ou comunicación coa familia de orixe.
- ser informados do plan individual así como das medidas de protección relacionadas co acollemento que se adopten respecto ao NNA acollido, das revisións periódicas e a obter información do expediente de protección do NNA que lle resulte necesaria para o exercicio das súas funcións.
- a recibir unha compensación económica mensual de acordo coa normativa que dite a entidade pública de protección. Teranse en conta os seguintes criterios:



- consideraranse gastos derivados do acollemento os gastos diarios de aloxamento, alimentación, vestido, ocio educativo, mobilidade, actividades físicas e deporte e asistencia médica, así como os destinados á educación e instrución das persoas acollidas.

- entenderanse por gastos extraordinarios aqueles tratamentos especiais dos NNA que sexan basicamente necesarios para o seu desenvolvemento integral e que non estean contemplados pola cobertura do sistema sanitario público, por ningún dos programas específicos de atención xestionados polo sistema de protección de menores, nin poidan ser cubertos por outras vías normalizadas (subvencións, servizos públicos ou de asistencia gratuíta, etc.) Consideraranse gastos de asistencia médica cualificados os tratamentos odontolóxicos ou de ortodoncia, médicos de calquera especialidade, psicolóxicos, logopédicos ou pedagóxicos, así como o uso de próteses e a realización de probas diagnósticas, que non estean cubertas total ou parcialmente pola rede sanitaria pública, cuxa cuantía sexa igual ou superior a 60€.

- as compensacións económicas aos acolledores/as serán compatibles coas axudas ou subvencións públicas ou privadas que poidan concederse para atender aos gastos de comedor escolar, asistencia médica, realización de actividades formativas, para a adquisición de material escolar e libros de texto do NNA e con calquera outra axuda destinada ás familias para o mantemento das persoas menores de idade ao seu cargo que non teña por obxecto exclusivamente ás persoas menores de idade en acollemento familiar.

- a solicitar o cese da medida de acollemento especializado.
- en todo caso, aos mesmos dereitos que a Administración pública recoñece ao resto de unidades familiares.
- aqueles recollidos no art. 20 bis da L.O. 1/1996 e non estean contemplados nos puntos anteriores.

3.2.3. Deberes das familias acolledoras

- velar polo benestar e interese superior do NNA, telo na súa compañía, alimentalo, educalo e procurarlle unha formación integral nun entorno afectivo. No caso de NNA con discapacidade, deberá continuar



prestando os apoios especializados que viñera recibindo ou adoptar outros máis axeitados ás súas necesidades.

- oír ao NNA sempre antes de tomar decisións que lle afecten, se tivese suficiente madurez, e en todo caso, se fose maior de 12 anos, sen exclusión algunha por discapacidade e a transmitir á Entidade Pública as peticións que este poida realizar dentro da súa madurez.
- asegurar a plena participación do NNA na vida de familia.
- informar á Entidade Pública de calquera feito de transcendencia en relación co NNA.
- respectar e facilitar as relacións coa familia de orixe NNA, na medida das posibilidades dos/as acolletores/as especializados/as, no marco do réxime de visitas establecido a favor daquela e a reintegración familiar, no seu caso.
- colaborar activamente coa Entidade Pública no desenvolvemento da intervención individualizada co NNA e seguimento da medida, observando as indicacións e orientacións da mesma.
- respectar a confidencialidade de datos relativos aos antecedentes persoais e familiares do NNA.
- comunicar á Entidade Pública calquera cambio na situación familiar relativo aos datos e circunstancias que se tomaron en consideración como base para o acollemento.
- garantir o dereito á intimidade e á identidade dos NNA acollidos e o respecto á súa propia imaxe, así como velar polo cumprimento dos seus dereitos fundamentais.
- participar nas accións formativas que se propoñan.
- colaborar no tránsito da medida de protección do NNA á reintegración ao seu entorno de orixe, a adopción, a outra modalidade de acollemento, ou ao entorno que se estableza tras a adopción dunha medida de protección máis estable.
- os/as acolletores/as familiares terán as mesmas obrigas respecto do NNA acollido que aqueles que a lei establece para os titulares da patria potestade.



3.3. Familia de orixe:

Seguindo as indicacións do Equipo Técnico do Menor que leve o caso e sempre que exista un prognóstico de regreso coa familia ou haxa un núcleo familiar co que poda manter contacto o NNA, débese incluír no Proxecto Individualizado de Intervención o obxectivo de apoio e traballo con estas familias.

A finalidade principal consiste en que desenvolvan habilidades para manexar os conflitos que deron lugar á situación de desamparo da NNA e mellorar a relación, especialmente se van a convivir xuntos no futuro. A entidade adxudicataria ofertará actividades de capacitación parental e estas non suporán, en ningún caso, duplicidade con outras intervencións que se podan realizar dende outros organismos públicos, requirindo para eso dunha boa rede de coordinación tanto co ETM como cos demais organismos (servizos sociais comunitarios, tecido asociativo...).

A entidade colaboradora presentará un informe trimestral sobre o traballo realizado así como os avances/retrocesos que se poideron observar na unidade familiar.

4. CONTIDOS DO SERVIZO DE ACOLLEMENTO FAMILIAR ESPECIALIZADO

O programa de acollemento familiar especializado con dedicación exclusiva, a través dun traballo conxunto e colaborador coa Entidade Pública e calquera outras administracións implicadas, organizarase a través das seguintes **fases ou procesos** (coordinándose coa Entidade Pública e calquera outra administración):

- Captación e selección de persoas acolledoras que cumpran cos requisitos previos para participar no programa co fin de crear un banco de familias acolledoras especializadas con dedicación exclusiva unha vez que cada unha destas fose finalmente valorada positivamente polos ETM da Entidade Pública.
- Formación e valoración previa das persoas e as súas respectivas unidades familiares, para determinar a súa adecuación para o



acollemento familiar especializado con dedicación exclusiva. Emitindo un informe de valoración ante a Entidade Pública para que esta resolva, previa valoración e proposta sobre a súa adecuación.

- Preparación da familia e do NNA seguindo as indicacións dos ETM e o proceso de transición previo ao acollemento.
- Seguimento e intervención estable ao longo de todo o proceso de acollemento, incluíndo tanto a intervención individualizada en cada caso, como a formación continua grupal, así como a dispoñibilidade para responder ante situacións de urxencia.
- Apoio técnico de preparación e apoio nas visitas do NNA coa familia de orixe.
- Proxecto de traballo coa familia de orixe mediante actividades de capacitación parental, seguindo as indicacións do ETM, co obxecto de acadar a reunificación familiar. Os ETM realizarán un seguimento e avaliación final da familia co fin de valorar os cambios/melloras producidos no seo da mesma tralas actividades de capacitación levadas a cabo polo equipo técnico da entidade adxudicataria.
- Colaboración, a partir do Plan Individualizado realizado polo ETM no cese do acollemento e na preparación do NNA para a súa nova situación.

4.1. Captación, Selección, Formación e Acompañamento das persoas acolledoras familiares especializadas:

Realizarán as seguintes actuacións:

- Captación dos/as acolledores familiares especializados: accións continuadas de publicidade do programa e captación de persoas interesadas en participar nel. Actualización da páxina web da entidade en relación ao programa de acollementos familiares especializados, campañas e participación en xornadas que poida organizar a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.



- Formación da/s acolledoras familiares especializadas: deseño e realización dunha formación inicial para as persoas candidatas ao acollemento familiar especializado.
- A valoración/selección das familias acolledoras especializadas será realizada polo persoal técnico que desenvolve o programa. Esa valoración será ratificada coa declaración de adecuación pola Xefatura Territorial, coa proposta do ETM e posterior resolución da Xefatura Territorial. A valoración deberá levarse a cabo nun prazo máximo de tres meses dende a entrega completa da documentación para o ofrecemento e afectará a todos os membros da unidade familiar que convivirán coa/s persoa/s que se ofrecen para o acollemento familiar especializado.
- Realización dun seguimento periódico das familias pertencentes ao programa en espera de acoller, co obxecto de verificar a súa permanencia nel e a súa situación persoal, socioeconómica e familiar.
- Acompañamento individual e grupal: realización de grupos de reflexión e análise, destinados a compartir de forma confidencial as experiencias dos/as acolledoras especializadas, afrontar as dificultades que se presenten e reflexionar sobre a propia práctica.

4.2. Apoio Técnico ao Acollemento Familiar Especializado cos NNA :

O acollemento familiar intégrase nun proxecto global de protección á persoa menor de idade, que comprende tamén intervencións psicolóxicas e socioeducativas co neno/a ou adolescente e coa súa familia de orixe. Esta intervención vén determinada no Plan Individual de Intervención elaborado na Xefatura Territorial correspondente.

a) serán *funcións da familia acolledora*:

- informar a entidade en relación coa evolución do acollemento familiar. Observar a evolución da globalidade do caso en relación co acollemento familiar nos seus diferentes aspectos en función do que teña relación directa co neno (situación persoal, familiar, social) e non exclusivamente do NNA atendido, co obxectivo de formular a intervención máis axeitada ás súas necesidades. Deberá ser sistemática e supervisada polos profesionais do ETM da xefatura á que pertenza o caso concreto.



- participar en reunións: promoverase que os/as acolledoras asistan ás reunións de acompañamento (grupos de reflexión e análise e reunións de servizo), así como participar cando sexan convocados para comentar os posibles cambios / revisión do plan individualizado de intervención ou de coordinación con outros profesionais que interveñen coa persoa menor de idade e outros membros da súa familia.

- participación no acompañamento á persoa menor de idade no réxime de visitas e contactos con membros da súa familia de orixe e outras persoas significativas.

b) serán *funcións do persoal de apoio técnico ao programa*:

- verificación das actuacións dos acolledores, cambios que podan darse na unidade acollidora e recursos nos que participa o NNA e a familia de orixe.

- participar na preparación e condución dos grupos de reflexión e análise.

- atención a crises e urxencias: situacións puntuais de convivencia difícil, crises nas parellas sobrevividas polo estrés, e outras situacións sempre que o soliciten as familias acolledoras.

4.3. Programa de Apoio Técnico ás familias de orixe

Promoverase o traballo coas familias de orixe sempre que o contemple o ETM no Plan Individual de Intervención, a través de tres accións:

- Apoio técnico ás visitas e contactos dos NNA coas familias de orixe para aumentar a calidade das mesmas. Realizarase unha preparación previa ás visitas, un apoio profesional nas mesmas e unha posterior valoración. O obxectivo é unha mellora das capacidades parentais da familia e aumentar a súa independencia e calidade nas visitas.
- Apoio técnico especializado para a mellora das habilidades parentais e as dificultades sociais e psicolóxicas das familias de orixe. Esta intervención será individualizada e na mesma



intervirán os profesionais necesarios dependendo das dificultades detectadas.

- Obradoiros de promoción da parentalidade positiva: establecer unha serie de sesións dirixidas ás familias de orixe que o ETM considere como posibles candidatas para a reintegración familiar do NNA nelas. Entre os contidos a abordar destacarían: desenvolvemento evolutivo e estilos educativos, novas masculinidades, promoción da resiliencia no contexto familiar, afrontamento e resolución de conflitos, autorregulación emocional e control da impulsividade, comunicación interpersonal e resolución pacífica de puntos de vista diverxentes, coparentalidade para familias en situacións de separación ou divorcio, actualización de competencias parentais para avós/avoas, recoñecemento de valores e logros individuais e grupais, persoas mozas e diversidade funcional, persoas mozas e saúde mental...

4.4. Xestión, Coordinación e Avaliación:

Entre as funcións asignadas á entidade que desenvolva o concerto social están:

- Dirixir o equipo de Acollemento Familiar Especializado. Programar e coordinar as reunións do servizo, cunha orde do día determinada, destinadas a tratar sobre o funcionamento do servizo.
- Diseñar, planificar e executar as actividades do Servizo e outras que sexan necesarias para o seu bo desenvolvemento.
- Responsabilizarse da xestión administrativa dos expedientes.
- Realizar seguimento das familias acolledoras especializadas.
- Coordinación e interlocución coas Xefaturas Territoriais Correspondentes da Xunta de Galicia e outras institucións relacionadas cos NNAs cos que se estea a intervir.
- Realizar unha avaliación anual do Servizo e elaborar a memoria correspondente, tanto económica como técnica.



A entidade adxudicataria deberá comunicar con antelación e por escrito, ao Servizo de Protección de Menores dependente da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, calquera proxecto de publicación, celebración de xornadas, congresos ou outro tipo de actuación de transcendencia exterior, que deberá, asemade, ser da súa conformidade antes de levarse a cabo.

Nas súas intervencións, a entidade adxudicataria, terá en conta os seguintes aspectos:

- A intervención responderá a un plan interdisciplinar no que o educativo e o terapéutico, de ser necesario, se integren nun enfoque único que incorporará os necesarios aspectos educativos cos psicolóxicos, clínicos, médicos, sociais e familiares. A acción educativa debe ir en consonancia cos obxectivos do tratamento ou acción terapéutica, polo que as accións educativas e as terapéuticas deben ser consistentes no tempo, coherentes coas intervencións educativas da familia acollidora e estar consensuadas de modo que o NNA non aprecie desacordo entre elas.
- Tanto a nivel educativo como terapéutico os obxectivos deberán formularse da forma máis clara e observable posible, de modo que o seu cumprimento poida ser comprobado polo NNA e sexa consciente dos seus logros.
- Normalización: os obxectivos da intervención deben favorecer a incorporación ou acceso do NNA aos recursos normalizados da comunidade e a adquisición dunha maior autonomía e participación na vida da comunidade.
- Pedagogía da vida cotiá: a vida diaria en familia é o espazo fundamental onde se desenvolve a acción social e educativa, polo que se deben planificar e estruturar as situacións co fin de que se convertan en experiencias educativas con valor pedagóxico e significativo para a persoa menor.
- Perspectiva de xénero: na intervención terase en conta o xénero no proceso de conformación da identidade, que permita recoñecer os factores de risco e protección asociados a esta variable e a considere como factor de desenvolvemento e integración social.



- **Potenciación:** teranse en conta as necesidades e as carencias dos NNA co obxecto de fomentar a súa autonomía e madurez persoal e superar os seus déficits formativos, culturais e de habilidades persoais e sociais, pero tamén se deberá aproveitar e potenciar as súas fortalezas, as súas competencias e os seus puntos fortes. As actividades, rutinas e ritmos da familia acollidora brindarán oportunidades para adquirir pautas de autonomía e desenvolvemento, tanto polo impulso de novas aprendizaxes e experiencias como polo traballo específico para recuperar carencias e déficits que poidan ser un obstáculo para un axeitado desenvolvemento.
- **Integración:** o NNA será considerado de forma integrada para lograr o arraigo e inclusión na súa realidade social.
- **Participación e responsabilidade:** a participación de cada NNA no seu proceso de maduración e desenvolvemento é fundamental. Os NNA serán escoitados, tendo en conta o seu nivel madurativo, sobre as decisións que lle afecten. Cando a idade e a madurez o permita participarán activamente na elaboración e avaliación do seu Proxecto socioeducativo Individualizado. Tamén se fomentará a participación na vida diaria da familia poñendo en valor a responsabilidade que aquela leva consigo.
- **Traballo en rede:** a entidade adxudicataria reunirse e atenderá as directrices do ETM que é o responsable do caso. Así mesmo, coñecerá as intervencións que co/a NNA ou coa familia de orixe (de ser o caso) se estean levando a cabo co obxectivo último de ter unha mirada coherente e unificada.

5. MEDIOS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZOS

5.1. Locais e Equipamento:

A entidade adxudicataria aportará a totalidade dos medios e materiais necesarios para facilitar unha atención adaptada ás condicións do servizo, entre os que se atopan o local/locais, material informático, telefónico... adecuados para o desenvolvemento das súas funcións.

5.2. Desprazamentos e dietas:



Todos os gastos derivados de desprazamentos e dietas correrán a cargo da entidade adxudicataria.

5.3. Marco de actuación:

A entidade adxudicataria deberá garantir o cumprimento dos procedementos establecidos pola Administración da comunidade autónoma de Galicia así como a normativa que afecte ao servizo.

5.4. Medios humanos:

Os medios persoais necesarios para o funcionamento do servizo serán de contribución da entidade adxudicataria, que deberá poñer a disposición do servizo o persoal necesario e coa adecuada preparación técnica, para a atención dos NNA, familias acolledoras especializadas e familias de orixe que son obxecto deste concerto.

A Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica poderá exercer en calquera momento a comprobación do cumprimento das ratios de persoal da entidade vinculada ao contrato, mediante o requirimento dos documentos TC2–Relación nominal de traballadores, ou ben mediante a comprobación “*in situ*” a través dos seus servizos de inspección.

A entidade adxudicataria deberá atender debidamente as necesarias substitucións de persoal do equipo técnico en caso de baixa, vacacións, licenzas etc.

O persoal que forme parte do equipo técnico así como os/as acolledores/as especializados/as deberán achegar, de acordo co artigo 57 da L.O. 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte a violencia, certificación negativa do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais e de Trata de Seres Humanos.

O equipo técnico interprofesional estará constituído por:

A. Coordinador/a: será o/a encargado/a de coordinar ao equipo de traballadores/as e o/a interlocutor/a coas Administracións Públicas. Intervirá tamén coas familias e menores. Contará coa titulación de Tráballo Social.

As súas funcións, entre outras, serán as de:



- Cumprir as instrucións, directrices e resolucións que a Entidade Pública dite ao respecto.
- Dirixir e coordinar os servizos prestados pola entidade e supervisar as tarefas do persoal vinculado ao servizo de xeito que se garanta a interdisciplinabilidade e a calidade da intervención.
- Planificar e supervisar a intervención educativa.
- Controlar que as instalacións e materiais sexan os precisos e que estean en bo estado para o desenvolvemento da actividade.
- Asegurar o cumprimento da normativa vixente, das directrices e instrucións das xefaturas territoriais da Consellería de Política Social e Xuventude e da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, así como, das normas de funcionamento interno do servizo.
- Velar polo cumprimento dos dereitos das persoas usuarias e dos seus proxectos educativos individuais.
- Informar aos NNA e as súas familias, se é o caso, de forma comprensible e axeitada á súa idade e circunstancias, acerca do funcionamento do acollemento especializado con dedicación exclusiva e dos seus dereitos e deberes.
- Garantir o adecuado tratamento das queixas, reclamacións ou suxestións de mellora formuladas polas persoas usuarias do servizo.
- Xestionar adecuadamente, en representación da empresa/entidade titular da prestación do servizo tanto os recursos económicos como os de persoal co fin de proporcionar unha axeitada atención aos NNA e ás familias.
- Establecer e manter canles de colaboración con outras entidades e organismos, perseguindo a optimización de recursos da contorna e a calidade da intervención.
- Establecer a necesaria coordinación co equipo técnico do menor e, se é o caso, cos equipos e profesionais que xestionen outros programas nos que estea incluída a persoa menor, para garantir a mellora da eficacia da intervención.



- Garantir a axeitada elaboración de toda a documentación pertinente e a súa remisión aos responsables dos distintos departamentos competentes na área de menores da Xunta de Galicia.
- Asistir ás reunións, entrevistas ou actos procesuais aos que se lle convoque.
- Asegurar a custodia e arquivo de toda a documentación relativa ás persoas menores en condicións de seguridade, así como a súa destrución, cando proceda, en idénticas condicións.
- Velar polo cumprimento da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos e o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e demais disposicións vixentes sobre a materia.
- Elaborar avaliacións periódicas do funcionamento do servizo.
- Calquera outra que veña establecida na normativa aplicable.

B. Área Administrativa: 1 profesional da familia profesional de administración e xestión, mínimo grao medio de xestión administrativa. Realizará funcións: de apoio administrativo no ámbito laboral, contable e fiscal, xestión e arquivo de documentación... Calquera outra encomendada entidade para o bo funcionamento do programa no ámbito das funcións descritas.

C. Equipo Técnico Interdisciplinar que intervirían como supervisores de casos: serán os encargados de deseñar e supervisar as intervencións en cada caso segundo o Plan Individualizado marcado polo ETM. As súas serán funcións de apoio técnico e supervisión das actuacións como referentes do caso na entidade. Estará constituído por 1 psicólogo/a, 1 educador social e un pedagogo.

O **equipo técnico interdisciplinar** será o encargado de realizar intervencións individuais, grupais e terapéuticas que perseguen:

- Coordinación co ETM da xefatura territorial á que corresponda o caso do/a NNA co que se vaia a por en marcha o acollemento especializado.



- Apoiar e orientar ao longo de todo o acollemento.
- Seguimento continuado da evolución do acollemento familiar.
- Axudar nos procesos de vinculación e desvinculación.
- Axudar a facer fronte ás complicacións.
- Ofrecer orientacións sobre habilidades de coidado e comprensión do significado dos comportamentos.
- Por en marcha actividades de capacitación parental coa familia de orixe naqueles casos en que os ETM responsables do caso o consideren pertinente.
- Preparar o proceso de maioría de idade e/ou finalización do acollemento familiar.

Intervir coa familia de orixe, sempre baixo as indicacións do ETM, facilitando:

- apoio emocional
- capacidades e habilidades parentais
- apoio familiar e social
- apoio instrumental
- apoio psicolóxico

6. RELACIÓNS ENTRE A ADMINISTRACIÓN E A ENTIDADE ADXUDICATARIA

Estableceranse accións de coordinación a varios niveis:

- Xefatura de Servizo das Xefaturas Territoriais correspondentes a cada caso - Servizo de Protección de Menores da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica - coordinación do programa de acollemento familiar especializado.
- Entre os equipos interdisciplinares da entidade adxudicataria e os ETM da xefatura territorial á que corresponda o caso co obxecto de que este último: valore todas as familias preseleccionadas pola



entidade antes de pasar ao banco de familias acolledoras especializadas, supervisar a proposta das familias tras o informe emitido pola entidade adxudicataria, entrevista e emisión dun documento sobre a familia proposta pola entidade tras coñecer e entrevistar á mesma, delimitar pautas, supervisión dos casos, realizar consultas, contrastar informes, realizar accións conxuntas ante as institucións ou usuarios/as...

- O ETM da xefatura territorial á que corresponda o caso coordinarase coa entidade adxudicataria para a planificación e avaliación dos acollementos familiares especializados.
- Para o fomento da relación entre a familia acolledora especializada e a de orixe atenderase á consideración final do persoal responsable do caso na Entidade Pública e procurarase sempre que ditas relacións sexan cordiais sen recaer en informalidades.
- Ademais a entidade adxudicataria comprométese a estar a disposición da Administración contratante para cantas reunións haxa que manter como consecuencia da realización deste proxecto.
- Durante o período de execución do contrato, deberán presentarse ante a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica os seguintes documentos relativos aos casos atendidos:
 - Informe de valoración da adecuación: un informe por cada ofrecemento valorado que se emitirá no prazo de 3 meses.
 - Informes de emparellamento, acoplamento, observación, seguimento... e cantos sexan necesarios para que a Entidade Pública poida ter coñecemento suficiente e preciso sobre a constitución e evolución dos acollementos especializados.
 - Propostas de continuidade ou finalización das intervencións ou no seu caso o cese dunha medida de acollemento especializado, que presentará á Xefatura Territorial que corresponda para a súa toma en consideración.
 - Informes especiais: ademais destes documentos, deberán realizarse cantos informes sexan requiridos polos equipos do



departamento de Política Social e, en especial, aqueles que deban dar conta de incidencias importantes na situación das persoas menores de idade, das súas familias de acollemento especializado, das actividades de capacitación parental realizadas ou as xestións levadas a cabo para a abordaxe dunha situación determinada.

Santiago de Compostela, *(na data da sinatura dixital)*

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica,

Jacobo José Rey Sastre

(Asinado dixitalmente)

